

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2021

Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2021 / 12,00 h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Galardoados coa Medalla do Parlamento de Galicia,
- Delegado do Goberno,
- Alcalde de Santiago,
- Xeneral xefe do Mando de Apoio á Manobra,
- Ex-presidente do Parlamento,
- Vicepresidentes, conselleiras e conselleiros da Xunta de Galicia,
- Membros da Mesa do Parlamento, portavoces, deputadas e deputados,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Presidenta do Consello da Cultura Galega,
- Reitores das Universidades de Santiago e A Coruña,
- Autoridades e representacións,
- Señoras e señores:

Bo día a todas e a todos, e moitas grazas por nos acompañaren na entrega da Medalla do Parlamento de Galicia á *Xeración Nós*.

Saúdo os espectadores da Televisión de Galicia, os oíntes da Radio Galega e as persoas que nos seguen en directo a través da emisión web deste acto, no que respectamos as indicacións das autoridades sanitarias para frear a covid-19.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan de afecto e recoñecemento para todos os profesionais, sanitarios e non sanitarios, que durante o último ano ofreceron o mellor de si, ata a extenuación, para garantir a prestación dos servizos esenciais.

Traslado unha mensaxe de afecto a todos os enfermos. E tamén ás familias que perderon algún ser querido nesta pandemia devastadora

na que, por fin, semella que comezamos ver a luz ao final do túnel. Urxe, con todo, non baixar a garda.

Dámonos cita para proceder á entrega da Medalla do Parlamento de Galicia, que, nesta edición, foi outorgada á *Xeración Nós* no seu conxunto, aos seus integrantes, discípulos e colaboradores.

Sexa a Xeración Nós, ou o grupo Nós, como tamén os denominaba don Ricardo Carballo Calero, con esta medalla o Parlamento de Galicia quere recoñecer a semente de cosmopolitismo, europeísmo e vangarda que uns e outros achegaron á cultura galega, sempre coa lingua como bandeira, hai agora cen anos.

Refirome ao movemento que tivo como epicentro a revista *Nós*, concibida un serán do San Xoán de 1920 en Pontevedra e materializada en Ourense, con fases posteriores na Coruña e en Santiago, onde o estourido da guerra civil impediría publicar o derradeiro número, daquela xa no prelo.

Desde o poder lexislativo galego rendemos tributo á memoria, ao exemplo de integridade, coherencia e fidelidade a Galicia, e ao legado intelectual dos fundadores de *Nós*, como Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Arturo Nogueira, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo. E a Xavier Prado *Lameiro*, Ánxel Casal, Ramón Cabanillas e tantos e tantos outros — arredor de douscentos, como xa se ten dito— que fixeron posible un proxecto editorial que, visto coa perspectiva que nos ofrece o século transcorrido desde a aparición do seu primeiro número, resultou determinante para a posterior configuración de Galicia. Como o foran, previamente, as Irmandades da Fala, e como o foi, despois, o Seminario de Estudos Galegos.

Uns e outros, desde *Nós*, espertaron e espallaron a semente galeguista que latía na cerna desta vella Gallaecia.

En palabras de Carlos Casares, «en pouco tempo, a revista *Nós* conquisou o respecto unánime das persoas cultas do país».

Parafraseando a Churchill, nunca tan poucos fixeron tanto por tantos. Lembremos que a revista *Nós* apenas tiraba entre 300 e 500 exemplares, sempre falta de recursos económicos, e nun momento no que a taxa de alfabetización bruta en Galicia roldaba o 50 %.

«Politicamente —escribe o profesor Núñez Seixas— Galicia avanzou probablemente moito máis do que os núcleos fundadores das Irmandades da Fala podían imaxinar no 1918, ou do que os fundadores da revista *Nós* podían soñar». Isto foi grazas, en boa parte, ao antecedente que supuxo o Estatuto plebiscitado en 1936, que, décadas despois, facilitaría o acceso á autonomía e blindaría Galicia como comunidade histórica.

Unha Galicia, a actual, con máis oportunidades, tamén para as mulleres, que desbordan capacidade e creatividade, como ben nos recorda Susana Seivane, que nos acompaña coa súa banda.

Hoxe, 6 de abril, cando se cumpren 40 anos da promulgación do vixente Estatuto de Autonomía, homenaxear a *Xeración Nós* tórnase unha obriga inescusable.

«Cómpre lembrar que a Galicia de 1920 non existía politicamente máis que nos proxectos e ideais dos galeguistas», lembra Núñez Seixas, a quen por certo, se me permiten o inciso, quero recoñecer o seu traballo á fronte do comité de expertos que elaborou o informe, encargado por decisión deste Parlamento, sobre a posibilidade de incorporar ao patrimonio público as Torres de Meirás. Grazas polo seu traballo e parabéns a Galicia enteira polos resultados acadados.

Teño para min —e con isto recupero o fío argumental— que o Estatuto do 36 non tería sido tal sen a conciencia galeguista espallada por moitos, tamén pola *Xeración Nós*, co propio Castelao representando un papel determinante para lograr rescatar o documento dos arquivos madrileños e presentalo na sesión das Cortes celebrada en Montserrat en febreiro de 1938. Risco e Otero, por referir outros exemplos, empregáronse a fondo nos traballos e na campaña previa ao plebiscito.

Aínda que os receptores materiais da Medalla do Parlamento de Galicia sexan as fundacións que perpetúan a memoria de catro dos fundadores de *Nós* —Otero Pedrayo, Castelao, Losada Diéguez e Vicente Risco— o galardón vai destinado á totalidade dos integrantes da *Xeración Nós* e aos seus discípulos e colaboradores.

Un conxunto extenso e heteroxéneo de galegos bos e xenerosos que, nun tempo infinitamente mais difícil que o actual, foron quen de antepoñer a idea de Galicia a todo o demais.

Auténticos heroes aos que debemos eterna gratitude por un sacrificio que apenas lles foi recoñecido en vida. A guerra e a posguerra obrigaron a moitos dos colaboradores de *Nós* a pagaren un elevado prezo, nalgúns casos coas súas propias vidas:

- Unha ducia —como Casal, Nogueiro, Díaz Valiño ou Blanco Torres— foron asasinados.
- Unha vintena —como Castelao— acabaron no exilio.
- Outros, depurados e condenados aos ostracismo —caso de Otero Pedrayo—.
- Mentres que tan só algúns puideron refacer a súa vida —como Cunqueiro ou Filgueira— coas limitacións propias daquel tempo escuro.

Fose desde a Galicia territorial, fose na Galicia exterior, uns e outros mantiveron a súa lealdade, e o servizo a Galicia e á causa galeguista.

Honra e gloria eterna para todos.

Saúde e terra.